

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2014.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Leandro Quelle Franco

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Excusan a súa asistencia:

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. Alberto Santos Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dez de novembro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1.-) ACORDO PLENARIO SOLICITANDO A CANCELACIÓN DA TOTALIDADE DA DÉBEDA PENDENTE DAS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS DA PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO, CORRESPONDENTES ÓS EXERCIZOS DE 2008 E 2009. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Coa autorización da Presidencia, pola Interventora Municipal explícanse á Corporación os aspectos máis

salientables do expediente do epígrafe e da proposta de Alcaldía de data 30/10/2014 obrante no mesmo.

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la proposta de Alcaldía referenciada, que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

VISTO o Real Decreto-Lei 12/2014, de 12 de setembro, polo que se conceden suplementos de crédito e créditos extraordinarios no orzamento dos Ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Educación, Cultura e Deporte, de Fomento e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

VISTA a Disposición Adicional Única do citado Real Decreto-Lei, que establece no seu punto 7:

“7.- As entidades locais poderán cancelar a totalidade do saldo pendente de reintegrar correspondente ás liquidacións definitivas dos anos 2008 e 2009, previo acordo do Pleno da Corporación Local e comunicación ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no prazo e polos medios establecidos no apartado 3 deste precepto. A cancelación se aplicaría na entrega a conta do mes de xaneiro de 2015”.

VISTO que o apartado 3 da D.A. Única establece a solicitude debe ser aprobada polo Concello Pleno e remitirse polo interventor ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medios telemáticos e con sinatura electrónica con anterioridade ao 30 de novembro.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 29 de outubro pola que se ordea a emisión de informe por parte da Interventora Municipal sobre as contía pendentes de devolución da liquidación

definitiva da PIE negativa de 2008 e 2009 así como as posibilidades da cancelación total da dita débeda e a previsible influencia na estabilidade orzamentaria que poda preverse para o exercicio de 2.015.

Unha vez emitido dito informe e sendo este favorable á cancelación da débeda pendente, pola presente, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

ÚNICO.- Autorizar e como consecuencia, solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a cancelación da débeda pendente de amortizar como consecuencia das liquidacións definitivas negativas da Participación nos Ingresos do Estado de 2008 e 2009, que se fará efectiva nos ingresos da PIE a partires do mes de xaneiro de 2015 e que ascenderán a 31 de decembro de 2014 ao seguinte importe:

- 51.934,02 € da Liquidación PIE negativa 2008
- 53.727,34 € da Liquidación PIE negativa 2009
- Total a reintegrar: 105.661,36 euros

2.-) INFORME DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE Ó TERCEIRO TRIMESTRE DE 2014. DAR CONTA.

Coa autorización da Presidencia, pola Interventora Municipal, explícanse os aspectos máis salientables do expediente do epígrafe.

A Corporación dáse por enterada.

3.-) INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE DA REGRA DE GASTO E DO LÍMITE DE DÉBEDA CORRESPONDENTE Ó TERCEIRO TRIMESTRE DE 2014. DAR CONTA.

Coa autorización da Presidencia, pola Interventora Municipal, explícanse os aspectos máis salientables do expediente do epígrafe.

A Corporación dáse por enterada.

4.-)EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 27/2014 DO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL, POR IMPORTE DE 9.300,00 €. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía relativa ó asunto do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

VISTA a Providencia de Alcaldía de data 29 de outubro de 2.014 pola que se ordea a incoación de expediente de transferencia de créditos.

VISTA a memoria elaborada pola Interventora Municipal na que se propoñen as partidas a incrementar e minorar como consecuencia do expediente.

VISTO o informe favorable emitido pola Interventora Municipal no que se establece así mesmo que, de acordo co disposto no artigo 40.3 do RD 500/90, de 20 de abril, a competencia do Concello-Pleno para a aprobación do citado expediente.

Polo presente PROPOÑO:

ÚNICO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 27/2014 de Transferencia de Créditos por importe de 9.300,00 euros, do seguinte xeito:

TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO

<i>partida cedente</i>	<i>denominación da partida</i>	<i>crédito a ceder</i>	<i>crédito da bolsa</i>	<i>partidas a incrementar</i>	<i>aumento proposto</i>	<i>finalidade</i>
------------------------	--------------------------------	------------------------	-------------------------	-------------------------------	-------------------------	-------------------

133.221.99	Admón. Xeral de Seguridade e Protección Civil	9.300,00	421.718,19	432.221.00	1.800,00	Ordenación e promoción turística. Enerxía eléctrica
				432.222.00	300,00	Ordenación e promoción turística. Telecomunicac.
				432.227.99	2.200,00	Ordenación e promoción turística. Outros traballos realizados por outras empresas
				453.221.99	3.000,00	Carreteras. Outras subministracións
				491.221.00	1.000,00	Sociedade da información. Enerxía eléctrica
				491.221.11	1.000,00	Sociedade da información. Repostos de maquinaria
TOTAIS		9.300,00			9.300,00	

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do expediente de referencia.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 27/2014 do Orzamento Municipal de 2014 por importe de 9.300,00 € reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

5.-) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE XUIZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA.

D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove.

Tendo comunicado o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o seu acordo de data 19 de setembro de 2014 instando o inicio do expediente para a elección de Xuíz de Paz titular do Concello de Xove, por estar próximo o vencemento o período de catro anos do anterior.

Visto que no prazo fixado nos anuncios publicados no xornal “ La Voz de Galicia – Edición de A Mariña “ de data 8 de outubro de 2014 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 236 de data 14 de outubro de 2014 so se presentou unha única instancia:

- *D. Cesáreo Ramos Díaz, tal e como se acredita na certificación expedida ao efectos polo Secretario Municipal con data 27/10/2014 obrante no expediente.*

Pola presente proponho ao Concello Pleno a designación de D. Cesáreo Ramos Díaz como Xuíz de Paz titular do Concello de Xove.”

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, que representan a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita na súa integridade, e na súa consecuencia, seleccionar para desempeña-lo cargo de Xuíz de Paz Titular do Concello de Xove, a D. Cesáreo Ramos Díaz,

Titular do DNI: 33.995.461-N, que acredita a titulación de Técnico Especialista, e que na actualidade atópase xubilado por incapacidade laboral (Pseudo artrosis múltiple do escafoides da man dereita); e remitir copia completa do expediente tramitado á Secretaría de Goberno do Tribunal de Xustiza de Galicia.

6.-) PROPOSTA DE ALCALDÍA DE ADHESIÓN ÍNTEGRA Ó CONVENIO SUSCRITO ENTRE O ÓRGANISMO AUTÓNOMO JEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E A MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe, que a seguir se transcribe integramente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA.

D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove:

VISTO o Convenio de colaboración formalizado entre o Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) par o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa.

CONSIDERANDO que a adhesión do Concello de Xove ao Convenio de referencia dunha banda mellorarase o servizo de xestión do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e doutra banda os veciños de Xove non terán necesidade de desprazarse a Lugo para tramitar calquera troco nos seus documentos persoais de condución e/ou de circulación do/s seu/s vehículo/s

Pola presente propoño ao Concello Pleno a adopción de acordo polo que se aprobe a adhesión do Concello de Xove ao Convenio de colaboración formalizado entre o Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) par o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa.”

Polo Sr. Alcalde, explícanse os aspectos máis salientables e as vantaxes que suporán para os veciños a adhesión ó convenio de referencia.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

7.-) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE XOVE PARA FORMAR PARTE DO CONSELLO ESCOLAR DO C.E.I.P. PEDRO CASELLES ROLLÁN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTO o escrito remitido pola Directora do CEIP Pedro Caselles Rollán de Xove , no que; en cumprimento do disposto na Disposición Adicional Primeira, parágrafo 3, do Decreto 324/1996 que modifica o art. 33 do Decreto 92/1988; interesa a designación polo pleno corporativo dun membro da Corporación Municipal para formar parte do Consello Escolar do Centro Escolar de referencia, ou, no seu caso, a ratificación do actual representante.

Pola presente propoño ó Concello Pleno a ratificación de D^a. María Dolores Meitín Guerreiro, Terceira Tenente de Alcaldía e Concelleira Delegada de Educación como representante da Corporación Municipal no Consello Escolar do CEIP Pedro Caselles Rollán.”

Dáse conta igualmente da Proposta de Alcaldía verbo do escrito remitido pola Directora e Presidenta da Xunta Electoral do IES Illa de Sarón que a seguir se transcribe integramente, facendo constar que dita proposta non se reflicte por erro de transcripción no teor literal do epígrafe.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA.

D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove.:

Tendo comunicado a Directora do o IES “ Illa de Sarón “ de Xove na súa condición de Presidenta da Xunta electoral por escrito de data 6 de novembro 2014 a necesidade de designar un representante da Corporación Municipal para formar parte do Consello Escolar do devandito Centro.

Pola presente propoño ao Concello Pleno a ratificación de D^a. María Dolores Meitin Guerreiro, Concelleira Delegada de Educación , como representante da Corporación Municipal para formar parte do Consello Escolar do IES “ Illa de Sarón “ de Xove .”

Enterado, o Concello Pleno, cos votos dos Sres. Salgueiro Rapa, Quelle Franco, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro e Balseiro López, e coa abstención dos Sres. López López e López Hermida, acorda aproba-las propostas transcritas e na súa consecuencia ratificar o nomeamento da Concelleira D^a María Dolores Meitin Guerreiro como representante da Corporación Municipal no Consello Escolar do CEIP Pedro Caselles Rollán e no Consello Escolar do IES Illa de Sarón.

E sen mais asuntos que tratar, sendo dezanove horas e corenta e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

O SECRETARIO,

Asdo.: Luís María Fernández del Olmo